

A QUIMERA

[Alice Rohrwacher, 2023, Italia, 130 min., VOSE]

Lingua **Italiano**

Dirección e guión **Alice Rohrwacher**

Montaxe **Nelly Quettier**

Son **Xavier Lavorel**

Fotografía **Hélène Louvart**

Reparto **Josh O'Connor, Carol Duarte, Isabella Rossellini, Alba Rohrwacher, Vincenzo Nemolato, Giuliano Mantovani, Melchiorre Pala, Gian Piero Capretto**

Produtora **Tempesta, Ad Vitam, Amka Films Production, RAI Cinema**

Distribución **Elástica Films**

Inesperado zahirí, Arthur ten o don de localizar ocos baixo a terra. Un atributo que o converte no perfecto buscador de tesouros na rexión italiana que alberga as ruínas da civilización etrusca. Aínda que o que Arthur anhelaría reencontrar, a quimera que o guía, é a Beniamina, o seu amor perdido.

VINDEIRAS SESIÓNS

Luns 27 **PARIS, TEXAS**

(Wim Wenders, 1984, RFA, 144 min., VOSE)

Martes 28 **A ZONA DE INTERESE**

(Jonathan Glazer, 2023, Reino Unido, 106 min., VOSE)



A QUIMERA

Alice Rohrwacher

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



CINECLUBE PONTEVEDRA

ENTREVISTA CON ALICE ROHRWACHER

POR JAVIER ZURRO

Cando foi a primeira vez que oíu a palabra *tombaroli*? Medrei nun país cheo destes saqueadores de tombas. Estaban na zona onde eu vivo desde os anos 80. Houbo unha especie de febre desta caza do tesouro. Víaselles no bar, sentados. Estaban por todas partes e falaban dos seus achados. Estes profanadores dábanme un pouco de medo, pero non tanto por faceren cousas ilegais, senón máis ben por colleren as cousas dos mortos. Eu, en xeral, cando algo me mete medo, trato de achegarme, así que comecei a falar con eles, para entender ben de onde proviña ese orgullo e ese dereito para abriren algo considerado sagrado. Comprendín que, aínda que se visen como ladróns ou subversivos, en realidade eran fillos dun sistema doente, dun mundo materialista que xa non cre en nada e que, polo tanto, abre a posibilidade a entrar nestas tombas; a roubar, porque todo se converteu en mercadoría. Naturalmente, todo isto mudou. Desde finais dos 70 ata os 2000, houbo moita demanda por parte de museos e de coleccionistas particulares de obxectos arqueolóxicos únicos, e non había unha lexislación clara para protexer estes obxectos e artefactos. Aí é onde se xerou un tráfico ilegal. De feito, non o digo eu, dío un xornalista, chegouse a un punto en que este tráfico xerou cifras superiores ao mercado da droga.

O filme lanza un par de veces unha pregunta que dalgún xeito está en todo o seu cinema: isto é de todos ou de ninguén? Cre que o seu cine é unha reflexión sobre o capitalismo? Todo o que fago está impregnado do que teño ao meu arredor, e nós, dentro desta sociedade occidental, estamos «ao baño maría» do capitalismo, de onde é difícil saír. Creo que este filme fala máis concretamente da idea da propiedade. Pregúntase de quen son as cousas, de quen eran. De quen son as cousas que formaban parte do pasado e que imos deixar nós para o futuro. Gústame pensar nos arqueólogos como gardiáns das civilizacións que rematan. Cando algo chega ao seu fin, a súa historia cobra maxia. Penso que debemos reflexionar sobre que imos deixar cando se estude o capitalismo nos museos.

A arte é de todos ou de ninguén? É curioso porque neste mundo do filme os obxectos subterráneos creábanse para as ánimas, non para os vivos. Penso que é un concepto moi potente no mundo actual, onde se fai todo para ensinalo. Pensar que alguén perdía os seus anos de vida facendo un traballo manual para logo agochalo é unha loucura para nós. Non obstante, houbo civilizacións que o fixeron así e de forma programática. Para min, como directora, a sensación máis bonita é ver un filme que parece que non dirixiu ninguén en concreto. Sentir que non lle pertence a alguén, que o único importante é que exista, que sexa de todos.

Ás veces dinme que estou evocando co meu cine a Fellini ou Pasolini, pero non é a eles a quen se evoca no meu cine, senón a realidade que eles me fixeron ver, porque vendo os seus filmes eu conseguín facer isto. Os seus filmes nacen do que é común e son de todos.

A personaxe de Melodie rompe nun momento a cuarta parede e di que se pervivise a civilización etrusca o machismo non existiría. É que o fascismo é unha consecuencia do machismo. O que me gusta é que debaixo de onde vivimos hai pezas e obxectos que se deixaron alí hai tempo. É a civilización coa que máis en contacto estou, xa desde pequena, e faime pensar, por exemplo, que vivimos en lugares onde xa se viviu, algo que é bastante único de Europa. Vivimos en casas onde xa se viviu, en terras que xa foron habitadas e isto non deixa de ser unha ensinanza sobre o imaxinario etrusco. Eu non son arqueóloga, pero penso que é unha civilización bastante serena, onde homes e mulleres vivían en igualdade. Por iso introducín esta broma no filme, para lembrar que o patriarcado non é unha condición natural do ser humano, senón unha decisión histórica, e agardo que estean por chegar épocas en que isto comece a mudar.

Falando de propoñer alternativas, non sei se vén de aí esa idea final do filme, esa estación de tren abandonada, que non é de ninguén, ou é de todas, reconvertida case en comuna feminista. Simbolicamente esa imaxe ten moita forza. A estación é un lugar que ten a súa historia, mais unha historia que pode mudar. No filme hai personaxes que están sepultados polo peso da historia, coma Flora, obsesionada co pasado, ou o propio Arthur. E logo están os *tombaroli*, que queren destruír o pasado para vendelo. A min gústame a idea dunha terceira vía que é a da transformación, que neste caso chega da man dunha personaxe chamada Italia, que oxalá isto lle dea algo de esperanza ao meu país, que non pasa unha boa época. Esta personaxe non ve o pasado como unha condena, senón como un lugar desde o que crear un futuro mellor e menos previsible.

Como foi traballar con Isabella Rosellini e Josh O'Connor? O único problema de traballar con eles é que logo xa só queres traballar con eles. Agora estou desesperada pensando proxectos para poder seguir facéndoo. Son dúas persoas extremadamente xenerosas, fantasiosas. Foi como unha festa. O bonito de facer filmes é poder poñer en contacto dous mundos. Neste filme saen veciños meus, persoas que viven nunha aldea pequena, e iso propiciou unha certa amizade entre estas persoas que viven na miña realidade e Isabella e Josh; e ese contacto é moi importante.

Recollido do eldiario.es.

Tradución ao galego: Cineclub Pontevedra.